



O Plan Boloña

O venres 26 de outubro de 2007 o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto de Ordenación de Ensinanzas Universitarias, dando así lugar ao “nacemento dunha nova universidade”. Nesta altura o 90% do estudiantado galego non tiña nin idea do que eran o Proceso de Boloña nin o EEES (Espazo Europeo de Ensino Superior).

Coa arma da desinformación (entre outras moitas), os políticos e as autoridades universitarias (progresistas e conservadoras), están a introducir o que de certo será a “estocada final” ao ensino universitario público.


Hoxe esa situación de falta de información está a ser superada e os universitarios/as comezan a mobilizarse de xeito masivo en contra dun proceso que parte da eliminación das antigas licenciaturas e a súa substitución por graos e posgraos, supoñendo unha perda de valor do primeiro, do diploma, con contidos xerais, que fica maioritariamente no ámbito da universidade pública e que deixará o estudiantado que consiga ese título cunha escasa saída laboral. Os graos serán unha fábrica de traballadoras/es en precario.

O acceso aos posgraos requirirá: a superación dun novo proceso selectivo, dedicar 40 horas semanais ao estudo (nada de compaxinar traballo e estudo) e pagar pola inscrición neste segundo ciclo cantidades que roldarán os 6000 euros. Deste xeito, as rendas máis baixas non terán un doado acceso acceso. O vello principio de igualdade de oportunidades salta polos aires.



Desaparecen as bolsas a fondo perdido, o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) ofrece préstamos, nos que poderán solicitar un mínimo de 2500 euros e un máximo de 6000 euros, que serán financiados entre o MEC, nun 70%, e unha entidade bancaria que teña acordo co MEC. Aplicarase un período de amortización de 3 anos mais un de carencia (o primeiro) e a liquidación total será realizada por cuotas mensuais iguais. Tamén, o MEC especifica que o tipo de xuro que se aplique será baseado no Mercado Interbancario Europeo (EURIBOR) mais un diferencial de 0.3 puntos porcentuais.

Isto supón que a maioría da xente nova que queira acceder a uns estudos de posgrao se hipoteque moito antes de obter un emprego, o que a condicionará a aceptar calquera traballo unha vez rematados os seus estudos.



Por outra banda, as universidades competirán polo capital económico, é dicir, o investimento das empresas, e o humano, ou sexa, o mellor profesorado, o persoal investigador, o alumnado máis brillante, etc.

Consecuencia de todo isto poderá ser a privatización ou externalización da oferta dos estudos universitarios, onde os intereses do mercado, é dicir, os das grandes empresas, decidirán as necesidades e opcións

formativas do seu contorno. Cousa que, por outra parte, xa sucede en boa medida coa investigación.

Isto transformárase nun sistema de ensino europeo constituído por universidades de primeira, de segunda, de terceira... Estas últimas serán as que se sitúan na periferia do centro económico europeo, e serán nestas onde obviamente o estudiantado con menos posibilidades económicas poderá arranxar unha habilitación homologada a nivel europeo que acredite a súa valía para desempeñar un traballo en precario en toda Europa.

O noso sindicato reivindica un ensino público e de calidade. Nesta loita apoiamos e solidarizámonos con todas as dinámicas que se mobilicen por unha universidade socializadora, próxima ao contorno onde está implantada e onde a igualdade de oportunidades sexa un dos eixos fundamentais do seu funcionamento.

